

## **CT207K - Axudas para a promoción dos videoxogos.**

**Prazo de presentación:** Ata o 20/06/2022

A través desta axuda búscase a profesionalización do sector en Galicia, coa finalidade de xerar novos empregos, aumentar a súa visibilidade, mellorar a súa profesionalización e estimulando a participación do sector privado para o desenvolvemento de videoxogos.

### **A quen se destina?**

Empresas e persoas traballadoras autónomas do sector dos videoxogos que, contén cunha oficina ou sucursal permanente e desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia

### **Cal é a contía da axuda?**

Modalidade A: Proxectos cun orzamento subvencionable de máis de 200.000 euros, a intensidade da axuda poderá ser do 25% do gasto subvencionable e unha contía máxima de subvención de 100.000 euros.

Modalidade B: Proxectos cun orzamento subvencionable mínimo de 40.000 euros e máximo de 200.000 euros, a intensidade da axuda poderá conseguir o 75% do gasto subvencionable e unha contía máxima de 50.000 euros.

### **Que gastos son subvencionables?**

Custos de persoal ou servizos profesionais asociados á programación, artes gráficas, deseño do xogo, deseño narrativo, creación de música, son e efectos, probas de validación e calidade, produción ou tradución.

Custos de ferramentas de hardware e software necesarios para o desenvolvemento do videoxogo como compra de licenzas ou canons.

Gastos derivados da presentación do proxecto en eventos, feiras e encontros profesionais do sector dos videoxogos.